

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE FEBREIRO DE 2021

Ás 10:20 horas do día 4 de febreiro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 1 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Fernando Carballo Villar, director de Réxime Interior (asiste aos puntos 2 e 4)
D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5 e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de Vigozoo (10.483-612)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a DIEGO BALLESTEROS PEINADO por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de Vigozoo (10.483-612)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:47	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH41-C6D686-8B56E3-2LZVA7-L8DPY4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” do licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Cubrición do patio do colexio Balaídos” (602-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira Industrial, o enxeñeiro técnico en Topografía e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 1 de febreiro de 2021 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro” (655-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira Industrial, o enxeñeiro técnico en Topografía e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 1 de febreiro de 2021 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Cubrición do patio do colexio Balaídos” (602-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	385.518,10 €
2	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	343.766,04 €
3	ORECO, S.A.U.	358.531,60 €
4	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	324.098,50 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:47	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH41-C6D686-8B56E3-2LZVA7-L8DPY4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Asiste á sesión D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI número ****.*13.54****, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	157.354,30 €
2	CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U.	149.478,18 €
3	CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.	153.758,84 €
4	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	170.561,60 €
5	EICROS GESTIÓN, S.L.	149.447,10 €

Asisten á sesión D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI número ****.*13.54****, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCIÓN e D. Jacobo Naveira Sánchez, con DNI ****.*08.05***, en representación de DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:47	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH41-C6D686-8B56E3-2LZVA7-L8DPY4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		